




FERVENZAS DO RÍO XARES (2)

O Escavadoiro

Adela Leiro, Mon Daporta



Unha camiñada para achegarse ao curso alto do río Xares, debaixo de Pena Trevinca, onde cae do antigo circo glaciar por varios escalóns rochosos formando en cada un deles varias fervezas.

No camiño pasamos pola lagoa da Serpe e varias lagoas máis pequenas e podemos gozar de impresionantes panorámicas das serras do Eixe, Calva e Segundeira e dos vales de Xares e o Bibibei.

A ruta discorre totalmente polo LIC Pena Trevinca, espazo no que podemos coñecer, ademais de unhas paisaxes grandiosas, que cambian co paso das horas e en cada estación do ano, unha gran biodiversidade.

Para ver as fervezas en todo o seu esplendor é mellor facer a ruta ao remate do inverno cando se drena a auga das últimas nevadas.

COMO CHEGAR:

Desde a Ponte cruzamos o lugar e seguimos o camiño que leva ao Fial (indicado). Podemos desviarnos polo sendeiro balizado, un pouco máis curto, pero con máis pendentes, ou seguir a pista que chega ao cume. Desde o alto do Fial hai vistas panorámicas do Maluro, a lagoa da Serpe e o val do Bibei, logo baixamos por unha forte pendente á lagoa e ás cabeceiras do Bibei e seguimos un sendeiro, que por veces desaparece, que sube a Trevinca rodeando A Troitada e o Turrieiro, ata chegar aos chozos do Escavadoiro onde atopamos as fervezas. A máis alta está xusto debaixo do Turrieiro e cae no interior dunha gran fenda nas paredes rochosas. Para vela hai que cruzar o río e baixar uns 200 m pola outra beira dando un pequeno rodeo.

Se quedan forzas podemos continuar ata o cume de Trevinca, facer travesía ata Porto de Sanabria, polo val do Bibei ou volver (desde o Fial), pola lagoa do Ocelo e A Morteira, a Xares.

Distancia: 22 km

Dificultade: alta

Duración: 10 horas
(ida e volta)





Vista da Lagoa da Serpe e Trevinca desde o Fial. No centro, debaixo de Trevinca vese o Escavadoiro



O Fial á volta da ruta



Lagoa no camiño ao Turrieiro



O Xares no Escavadoiro

**Fervenzas
no Escavadoiro**

